



PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-COV-2 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA ANTE A FESTIVIDADE DE ENTROIDO

Dirección Xeral de Saúde Pública



Este documento foi revisado pola Comisión Clínica para a Xestión da crise sanitaria do COVID-19 da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

1. INTRODUCCIÓN

Dende o inicio da pandemia da COVID-19, as autoridades sanitarias adoptaron medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario.

A situación epidemiolóxica actual, cunha elevada taxa de incidencia de casos de infección polo SARS-CoV-2 e a aparición dunha nova variante, a Ómicron, que parece ser máis contaxiosa que a predominante ata o de agora, fai necesario reforzar as medidas vixilancia, prevención e control desta infección.

Por outro lado, Galicia é un referente en canto á vacinación, dado que ten completada a pauta de vacinación no 94,3% da poboación maior de 12 anos e o 80,2% da poboación de 5 a 11 anos xa ten administrada a primeira dose da vacina.

Se ben a evidencia actual indica que a vacinación contra a COVID-19 é eficaz na diminución da infección, a enfermidade moderada e grave, e a mortalidade por COVID-19, a inmunidade xerada pola vacina non impide de maneira completa a replicación do virus na mucosa das vías respiratorias superiores da persoa vacinada e ademais, a eficacia das vacinas non é do 100%. Así mesmo, a resposta inmune é menor nalgúns grupos poboacionais (inmunodeprimidos, persoas de idade avanzada, etc) e tamén pode verse afectada pola circulación de novas variantes.

Debido ao anterior, e tendo en conta que o entroido é unha festa de especial relevancia e larga tradición popular na nosa Comunidade Autónoma, que ademais de agrupar a un elevado número de persoas disfrazadas, conleva a organización de verbenas, desfiles, charangas e outros eventos, é necesario

establecer unha serie de medidas que minimicen o risco de transmisión da infección polo SARS-CoV-2 durante a celebración destas festas.

Polo tanto na situación actual e co coñecemento obtido durante este tempo, cómpre establecer un conxunto de medidas sanitarias para que evitar que se dean situacións de risco de exposición sen control, que orixinen cadeas de transmisión, evitables de seguir as recomendacións coñecidas.

As recomendacións reflectidas neste documento axustaranse á situación epidemiolóxica existente en cada momento na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. OBXECTIVO

O obxectivo do documento é servir de guía para o establecemento das medidas necesarias para a prevención da infección polo SARS-CoV-2 na festividade do Entroido na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO SARS-COV-2

3.1. Medidas de protección individual

Con respecto ás medidas de protección persoal, deberán manterse e reforzarse as seguintes medidas de precaución xerais por parte de todas as persoas que acudan ás diferentes actividades que se podan organizar durante o entroido:

- Obrigatoriedade do uso da máscara

Para as persoas de 6 ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento cando estean en espazos pechados de uso público

ou que se atopen abertos ao público e cando estean na vía pública e en espazos ao aire libre.

Nos establecementos de hostalaría e restauración, unicamente poderá quitarse a máscara nos momentos estritamente necesarios de comer ou beber.

No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar o uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento, en todo momento, da distancia de 2 metros con outras persoas.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

- Distancia interpersoal mínima de 1,5 metros

Evitarase o contacto físico e cumprirase a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal de, polo menos 1,5 metros.

Por outro lado, deberase seguir a normativa vixente en canto á limitación de agrupación de persoas.

- Hixiene respiratoria

Dado que o principal mecanismo de transmisión é a exposición prolongada ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus, é de grande importancia a observancia de boas prácticas de hixiene respiratoria:

- Como norma xeral, non quitar a máscara para tusir ou esberrar e cambiala no caso de que estea húmida. Así mesmo, debe cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado.
- Se usa panos desbotables ao tusir ou esberrar debe desbotalos nunha papeleira tras o seu uso.
- Posteriormente, realizar a hixiene das mans.
- Hixiene de mans
 - Lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón cando estean visiblemente sucias e despois de usar o inodoro. No resto de situacións poderanse empregar solucións/xeles hidroalcohólicos ou antisépticos con capacidade virucida.
 - Despois de tocar secrecións respiratorias e/ou obxectos que puideran estar contaminados, deberase realizar unha hixiene minuciosa das mans.

3.2. Medidas específicas para os casos de COVID-19 e contactos estreitos

- As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARSCoV-2, por experimentar sintomatoloxía compatible coa COVID-19 ou estar pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo e as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa deberán seguir as condicións de illamento que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento en ningún caso.

- As persoas consideradas contacto estreito dun caso deberán seguir as condicións corentena ou vixilancia que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública.
 - En vixilancia estarán os contactos estreitos vacinados con pauta completa ou aqueles que pasaran a COVID-19 nos 6 meses anteriores.

Hai que ter en conta que as medidas de vixilancia implica a **realización exclusiva de actividades esenciais** (acudir a traballar ou realizar compras básicas), e **limitar as interaccións sociais non esenciais**. Isto implica non acudir a eventos ou lugares con moitas persoas nin a reunións sociais con familiares ou amigos, como poden ser os acontecidos durante o entroido.
 - Os contactos estreitos que non cumpran os criterios anteriores e os inmunodeprimidos (independentemente do seu estado vacinal), deberán realizar corentena sen poder abandonar o seu domicilio.

3.3. Medidas organizativas

En relación ás medidas organizativas deberanse manter ou establecer aquelas que diminúen o risco de transmisión do SARS-CoV-2, adaptándoas ao escenario epidemiolóxico existente en cada momento.

3.3.1. Distancia de seguridade interpersoal

Na organización das distintas actividades deberán adoptarse as medidas necesarias para garantir a distancia interpersoal mínima de 1,5 metros, establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de

prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, entre grupos de persoas non conviventes.

Cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso, non sexa posible manter esta distancia de seguridade, non se permitirá o consumo de alimentos e bebidas e deberá garantirse unha **adecuada ventilación** no caso de realizarse en espazos pechados e o cumprimento das medidas de prevención e hixiene aplicables, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre os diferentes grupos de persoas non conviventes, así como o debido control para evitar as aglomeracións.

3.3.2. Celebración de desfiles, exhibicións de música ou baile itinerantes en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública

- A utilización da vía pública para a celebración de desfiles ou exhibicións de música ou baile deberá desenvolverse nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario co fin de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente. O uso da máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.
- O concello debe velar polo cumprimento das medidas de seguridade, hixiene e distancia interpersoal vixentes, así como de autorización de utilización de espazos públicos, de ser o caso.

3.3.3. Celebración de espectáculos musicais ou artísticos de carácter estático ao aire libre

- No caso de que se organicen espectáculos musicais ao aire libre, fóra de recintos pechados especificamente habilitados para o efecto, as medidas xerais aplicables serán as seguintes:
 - Deberán realizarse en espazos acoutados, sectorizados, perfectamente delimitados e pechados, aos cales unicamente se poida acceder polos accesos autorizados.
 - Os espectáculos musicais/artísticos ao aire libre poderán desenvolverse co 100 % da ocupación máxima permitida.
 - Na zona de público non están permitidas as carpas con lonas laterais que impidan a ventilación natural.
 - Poderá contemplarse o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados para cada sector (que cumprirán as normas de hostalaría e restauración).

Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións. Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.

- **Non está permitido fumar, consumir outros produtos do tabaco nin consumir cigarros electrónicos na área de público.**
- Recoméndase que a venda/reserva de entradas, de ser o caso, sexa realizada por adiantado, con rexistro previo dos asistentes.

Para o resto das medidas específicas serán de aplicación os protocolos de espectáculos musicais ao aire libre, accesibles no seguinte enderezo:
<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>

3.3.4. Celebración de actividades en teatros, auditorios ou espazos similares

- As actividades en teatros, auditorios e espazos similares, e en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse co 100 % da capacidade máxima permitida, e o público deberá permanecer sentado. En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para o cumprimento das medidas recollidas no punto 3.3.1. deste protocolo en relación á distancia de seguridade interpersoal.
- O uso de máscara será obrigatorio.
- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior. Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

3.3.5. Atraccións de feira

Poderán desenvolver a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

- Nos espazos en que se instalen atraccións de feira, respectaranse a distancia de seguridade interpersonal e as medidas hixiénicas exixibles a cada instalación ou actividade.
- Deberase sinalizar o espazo en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade.
- A autoridade sanitaria local verificará o respecto da capacidade nos espazos comúns e adoptará as medidas necesarias para evitar aglomeracións.
- Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas atraccións e postos instalados.
- Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán levar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.
- No caso das atraccións, poderán ocuparse todas as prazas dispoñibles.
- Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en cada unha das atraccións.
- Cada atracción deberá aplicar as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ao tipo de actividade, á frecuencia e ás condicións de uso polas persoas usuarias, prestando especial atención ás superficies de

contacto directo. En todo caso, cada atracción someterase a unha limpeza ao remate de cada xornada de uso.

3.4. Medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición do certificado COVID

Para determinadas actividades ou instalacións existe a obriga de acreditar o certificado COVID no caso de persoas maiores de 12 anos.

Estas actividades e ámbitos veñen recollidos na correspondente orde vixente pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O certificado Covid poderá acreditar calquera das seguintes circunstancias:

- Que se recibiu a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización, de conformidade co Regulamento (CE) 726/2004.
- Que se dispón dunha proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos test de antíxenos.
- Que o titular recuperouse dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses. Para iso, a persoa deberá ter sido diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba diagnóstica (PCR ou test de antíxenos).